

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE CAFETERIA NO CENTRO SOCIAL DE CERCEDA**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 41 e 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais e o Concello de Cerceda establece o prezo público pola actividade de cafetería no centro Social, que se rexerá pola ordenanza e pola lexislación aplicable recollida no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible deste prezo a compra e subministro de bebidas na cafetería situada no centro social da terceira idade de Cerceda.

ARTIGO 3.- BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaráselle os beneficios fiscais previstos na norma con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS

1. É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35 da Ley General Tributaria que solicite ou se beneficie especialmente do servizo de cafetería.
2. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigo 40 e seguintes la Lei General Tributaria.
3. Serán responsable subsidiarios os/as administradores/as das sociedades e os sindicatos interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance da sinalada Lei General Tributaria.

ARTIGO 5. TARIFAS

As tarifas aplicables son as seguintes:

Café solo, cortado, con leite, sen cafeína	0,55
Café con leite dobre	0,65
Infusións	0,55
Refrescos	0,80
Zumes	0,80
Refrescos en bote	0,80
Sidra	0,80

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN

O pago realizarase en efectivo no momento de solicitar a consumición.

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden cada caso, estarase ao disposto na Ley General Tributaria.

DIPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada e cumpridos os trámites oportunos de publicidade e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de que os trámites rematen antes de finalizar a presente anualidade, será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2010.